



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO, INCLUÍDA NA OEP 2023

Sendo as 9:30 horas do día 26 de febreiro de 2026, en sesión telemática celebrada mediante videoconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025), xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 2 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe. A xuntanza ten por obxecto estudar unha solicitude de revisión presentada e a determinación do exame correspondente ao 3º exercicio da oposición.

1º. A solicitude de revisión que a continuación se relaciona, con indicación de nome e apelidos e número e data de rexistro de entrada:

Apelidos e nome	Núm rexistro	Data
SUÁREZ EXPÓSITO, IGNACIO RAMÓN	202699900000628	23/03/2026

Polo Tribunal revísase o exame correspondente á persoa aspirante que ten solicitado revisión, segundo consta no Anexo I á presente acta, co seguinte resultado:

O Tribunal logo da revisión do exame do peticionario, reitérase na puntuación outorgada na corrección do pasado día 19 de febreiro de 2026.

Respecto á solicitude dunha plantilla de corrección deste segundo exame da oposición, indícaselle que non hai tal plantilla, dado que isto non é un exame tipo test, dos que son propios as plantillas. Neste tipo de exame fíxanse uns criterios mínimos polo Tribunal en función do contido correcto do tema. Como criterio previo de corrección do exercicio, o Tribunal acordou distribuír a puntuación do seguinte xeito: 4 puntos sobre 10, cada un dos temas que desenvolva o aspirante e 2 puntos á claridade e orde de ideas, facilidade de exposición escrita, e a capacidade de síntesis. Trasládeselle no Anexo I desta acta cal foi o contido esixido polo Tribunal e a xustificación da súa puntuación.

2º. Deseguido o Tribunal procede á determinación do terceiro exercicio da oposición, segundo se regula na base 7ª das bases específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025) reguladoras do proceso selectivo:

“Terceiro exercicio: De carácter práctico. Consistirá en demostrar coñecementos de réxime xurídico das administracións públicas e especificamente do réxime local, así como das restantes materias do programa Anexo a través dun ou varios exercicios prácticos propostos polo tribunal a desenvolver durante un período máximo de dúas horas. Os aspirantes poderán acudir provistos de normativa en formato papel sen comentarios e sen que poidan acompañarse de libros de formularios ou manuais. Valorarase neste exercicio o coñecemento

da normativa e resolución dos problemas prácticos plantexados así como a capacidade de redacción e síntese, a claridade, orde das ideas, e a facilidade de exposición escrita.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.”

Incorpórase como Anexo II á presente acta o exame asinado polos membros do Tribunal.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo e como data de sinatura a realizada de forma electrónica en último termo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A Secretaria